

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 13 DE FEBREIRO DE 2006

### 1.- Solicitudes de licencias de obras.

#### **FAVORABLES.-**

**827/05.- Cooperativa Vivenda Local Galega.-** Legaliz. ampliación dunha entreplanta para uso de oficinas no quintero 3 do Polígono 1 do SUP-5 da Choupana.-

**907/05.- Salmantina XXI.-** Reforma edificio para uso residencial comunitario e apertura (LAP/251/05) na R/ Pastoriza núm.8.-

#### **CAMBIO DE TITULARIDADE.-**

**216/06.- Agustín Calviño Fraga.-** Viv. unif. na parcela A-2 de Cerradura, concedida no seu día á Entidades Proveito, S.L. ©.-

#### **RECURSO REPOSICIÓN.-**

**2218/05.- Nieves Domínguez Núñez.-** Legaliz. das obras executadas en parte do baixo cuberta da edificación sita na R/ Tabaniscas núm.19. (D).-

#### **REHABILITACIÓN.-**

Autorízase ao Consorcio a realizar as obras de mantemento e conservación recollidas no Proxecto de Reurbanización do Parque da Alameda do 11 de outubro de 2005 e o documento modificado do 8 de febreiro de 2006.

### 3.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa á contratación dun avogado en substitución dunha baixa no departamento.

Acórdase a devandita contratación.

### 4.- Proposta do concelleiro delegado de facenda relativa á prórroga do contrato de Asistencia técnica para a realización dos traballos de Modificación do CATASTRO URBANO.

Acórdase prorrogar o devandito contrato por prazo dun ano a contar desde o 10 de marzo de 2006.

### 5.- Proposta da concelleira delegada da UMAD relativa á Contratación do programa de información e formación en Prevención de drogodependencias.

Acórdase contratar á Asociación Chisem, Asociación para a Prevención e Intervención Psicolóxica para a realización do Programa de Información e Formación en Prevención de Drogodependencias por importe de 10.095,03 euros.

### 6.- Proposta dos concelleiros delegados de Educación e de Medio Ambiente relativa á Contratación do programa de Educación Ambiental.

Acórdase aprobar o programa de actividades de educación ambiental para os centros de ensino de Santiago, cun presuposto de 11.542,64 euros a repartir entre os departamentos de Educación e Mocidade e o de Medio Ambiente.

### 7.- Proposta da concelleira delegada de educación relativa á resolución do contrato de prestación dos servizos de encargado de limpeza, vixilancia e conservación do CP Colexiata de Sar.

Resólvese o contrato que vincula ao Concello con María de los Ángeles Pérez para a prestación dos devanditos servizos por causa de incapacidade.

**8.- Proposta da concelleira delegada de educación relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación do Servizo de Limpeza, vixilancia e conservación do Colexio Público COLEXIATA DE SAR.**

Apróbbase o prego e inicio do expediente de contratación establecéndose un tipo de licitación de 13.200 euros.

**10.- Proposta da concelleira delegada de centros socioculturais relativa á prórroga do contrato de Prestación do Servizo de Atención ó público e administración da Rede Sociocultural.**

Acórdase prorrogar por un ano máis o referido contrato a partir do 4 de marzo de 2006, así como o incremento do prezo de adjudicación consonte ás variacións do IPC.

**11.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á Contratación dos servizos de celebración de FIN DE FESTA dentro do programa FESTA ACTIVA 2006. OCIO ALTERNATIVO PARA A MOCIDADE.**

Acórdase contratar os devanditos servizos para a celebración da Festación-Festactiva 2006 o 17 de marzo de 2006, por un importe de 8.700 euros.

**12.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á Contratación dos servizos de monitoraxe e desenvolvemento de actividades formativas dentro do programa FESTA ACTIVA 2006. OCIO ALTERNATIVO PARA A MOCIDADE.**

Apróbbase o programa de actividades e o orzamento, que ascende a 6.960 euros, da programación formativa de [Fest@ctiva](#) 2006.

**13.- Adjudicación das Obras de instalación de alumeado en San Lázaro.**

Adjudícase a licitación de referencia á empresa Daviña por importe de 51.000 euros, cun prazo de execución de 45 días naturais.

**14.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á contratación dunha Asistencia técnica para a realización de sondaxes arqueolóxicas no solar onde se ubicará a Escola Infantil de San Roque.**

Acórdase contratar a devandita asistencia técnica cun orzamento estimado de 10.000 euros calculado para un período de execución de 10 días.

**15.- Proposta do concelleiro delegado de infraestruturas relativa ó inicio do expediente de contratación das Obras de substitución de escaleira mecánica na Estación de Autobuses incluídas no Plan de Grandes Cidades 2005 da Excma. Deputación Provincial da Coruña.**

Apróbbase o inicio do expediente para a citada contratación con aplicación do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo pleno da Deputación Provincial o 26 de maio de 2005 establecéndose un tipo de licitación de 153.109,92 euros.

**16.- Proposta do concelleiro delegado de infraestruturas relativa ó inicio do expediente de contratación das Obras de abastecemento de auga ó lugar de GRIXOA, incluídas no Plan de Grandes Cidades 2005 da Excma. Deputación Provincial da Coruña.**

Apróbbase o inicio do expediente para a citada contratación con aplicación do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo pleno da Deputación Provincial o 26 de maio de 2005 establecéndose un tipo de licitación de 205.871,44 euros.

**17.- Proposta do concelleiro delegado de infraestruturas relativa ó inicio do expediente de contratación das Obras de Saneamento e Bombeo de augas fecais na rúa SANTA TERESA JORNET incluídas no Plan de Grandes Cidades 2005 da Excma. Deputación Provincial da Coruña.**

Apróbase o inicio do expediente para a citada contratación con aplicación do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo pleno da Deputación Provincial o 26 de maio de 2005 establecéndose un tipo de licitación de 60.088,71 euros.

**18.- Proposta do concelleiro delegado de infraestruturas relativa ó inicio do expediente de contratación das Obras de Saneamento de augas residuais en SON DE ABAIXO, incluídas no Plan de Grandes Cidades 2005 da Excma. Deputación Provincial da Coruña.**

Apróbase o inicio do expediente para a citada contratación con aplicación do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo pleno da Deputación Provincial o 26 de maio de 2005 establecéndose un tipo de licitación de 60.094,32 euros.

**19.- Proposta do concelleiro delegado de festas relativa á aprobación do orzamento das festas do ANTROIDO 2006.**

Apróbase o devandito orzamento, que ascende a un total de 109.036 euros.

**20.- Proposta da concelleira delegada de persoal relativa ao nomeamento dunha funcionaria da praza de Administrativo de Administración Xeral.**

Apróbase o nomeamento de Carmen María Rodríguez para a praza de administrativa.

**21.- Proposta da concelleira delegada de educación e mocidade relativa á aprobación do orzamento e bases da convocatoria de subvencións a proxectos e actividades educativas e culturais. Ano 2006.**

Apróbase un orzamento de 30.000 euros e as bases da convocatoria para solicitar e outorgar subvencións a proxectos e actividades educativas e culturais para o 2006.

**23.- Proposta do concelleiro delegado de urbanismo relativa á aprobación definitiva da Delimitación da área de execución número 1 do PERI de Vieiro, dos Estatutos e Bases da Xunta de Compensación e do cambio de sistema de actuación.**

Apróbase definitivamente a Delimitación da devandita área, así como os Estatutos e Bases da Xunta de Compensación, e do cambio de sistema de actuación.

**24.- Proposta do concelleiro delegado de urbanismo relativa á recepción das obras de urbanización do 1º sector do solo urbanizable non programado número 37 (SUNP-37) de Costa Vella. 1ª fase.**

Apróbase a devandita recepción das obras.

**26 ao 37.- Diversas propostas do Concelleiro Delegado de Facenda relativa a bonificación no imposto sobre bens inmoables por ser unha vivenda protexida.**

Apróbanse as devanditas bonificacións.

**38.- Proposta do Concelleiro Delegado de Facenda relativa a bonificación no imposto sobre bens inmoabeis por familia numerosa (expte TXI/151/2005).**

Apróbase a devandita bonificación.

**39 ao 133.- Diversas propostas do Concelleiro Delegado de Facenda relativa a bonificación no imposto sobre bens inmobles por ser unha vivenda protexida (Expte. TXI/4/2006).**

Apróbanse as devanditas bonificacións.

**134.- Proposta do concelleiro delegado de facenda relativa á revisión das tarifas de diversos aparcamentos públicos para 2006.**

\*Apróbase a revisión das devanditas tarifas.

**135.- Proposta da concelleira delegada de benestar social relativa á aprobación dos orzamentos de diversos gastos do departamento en materia social.**

Apróbanse os devanditos orzamentos da sección Axudas polos conceptos de Vivenda-Aloxamento, Manutención, Comedor Escolar, Actividades, Gastos excepcionais puntuais e Xitanos, que ascenden a un importe total de 71.145 euros.

**136.- Proposta do concelleiro delegado de facenda relativa ás reclamacións contra a aprobación inicial do orzamento para 2006.**

Acórdase rexeitar as reclamacións formuladas e aprobar definitivamente o orzamento xeral e o cadro de persoal para o 2006 nos termos contidos no acordo de aprobación inicial.

#### **URXENCIAS**

**-Apróbase o plan de formación continua para o 2006.**